

ORDENANZA FISCAL Número . 9
REGULADORA DA TAXA DE RETIRADA POLA VEHICULOS DA VIA PUBLICA E O SEU
TRASLADO AO DEPÓSITO MUNICIPAL

Artigo 1º: FUNDAMENTO E NATUREZA.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a “Taxa pola retirada de vehículos da vía pública e o seu traslado ao depósito municipal”, que se rexirá pola presente Ordenanza Fiscal, normas que atenden ao previsto no artigo 57 do citado Texto Refundido.

Artigo 2º: FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito impoñible da Taxa a prestación de servizos e realización de actividades que requiran a retirada, traslado e depósito de vehículos da vía pública e terreos adxacentes, así como a súa inmovilización na vía pública. En particular:

- a) A retirada, traslado e depósito de vehículos a requirimento das Autoridades Xudiciais ou Administrativas, e particularmente aqueles que estean abandonados na vía pública.
- b) A retirada, traslado e depósito, cando se inmovilice un vehículo por orde dos Axentes de Tráfico e polos motivos sinalados no artigo 292 do Código de Circulación.
- c) Retirada, traslado e depósito de vehículos estacionados na vía pública que perturben, obstaculicen ou entorpezan a circulación.
- d) Retirada, traslado e depósito de vehículos parados ou estacionados na vía pública cando se realice de acordo co previsto no RDL 339/90, de 2 de marzo, que aproba o Texto articulado da Lei sobre Tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, ou os regulamentos de desenvolvemento.
- e) Retirada, traslado e depósito de vehículos parados ou estacionados na vía pública cando se realice de acordo co previsto na Ordenanza de mobilidade do Concello de Oleiros.
- f) Inmovilización por medios mecánicos de vehículos.

Artigo 3º: SUXEITO PASIVO

1.- Son suxeitos pasivos contribuíntes nos supostos aos que se refiren os apartados a), b) e c) do artigo anterior, as persoas físicas e xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que sexan titulares dos vehículos retirados, trasladados e depositados.

No suposto de feito impoñible recollido no apartado d) do artigo anterior, son suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as Entidades as que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que sexan conductoras do vehículo obxecto da inmovilización.

2.- Son suxeitos pasivos susutitutos do contribuínte no suposto de feito impoñible consistente na inmovilización de vehículos por medios mecánicos, as persoas físicas e xurídicas e demais Entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que sexan titulares dos vehículos inmovilizados.

Artigo 4º: RESPONSABLES



1.- Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas ou xurídicas as que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º: -EXENCIONES E BONIFICACIONES

Non se concederá exención nin bonificación na exacción da Taxa.

Artigo 6º: - COTA TRIBUTARIA

A cota esixible virá determinada polas tarifas seguintes:

TARIFA A:Retirada e traslado ó depósito , por cada vehículo

A.1.Motocicletas, motocarros e vehículos análogos:.....	19,23 €
A.2. Turismos e furgonetas cun peso máximo, con carga de hasta 2.500 Kg:.....	90,00 €
A.3.Vehículos de tonelaxe, con carga, superior a 2.500 Kg ata 4.500 Kg:.....	116,36 €
A.5.Vehículos de tonelaxe, con carga, superior a 4.500 Kg., cun límite de 10.000 Kg.:	593,64 €

No caso de que non se produza o traslado do vehículo por facerse cargo do mesmo o suxeito pasivo antes da saída do coche-grúa cara ó depósito, reduciranse as cotas anteriores á metade do seu importe.

TARIFA B:Depósito de vehículos, por unidade e día ou fracción

B.1.Motocicletas, motocarros e vehículos análogos:	8,14 €
B.2.Turismos e furgonetas cun peso máximo, con carga de ata 2.500 Kg:	30,00 €
B.3.Turismos e furgonetas de tonelaxe, con carga, superior a 2.500 Kg ata 4.500 Kg.:	49,31 €
B.4.Vehículos de tonelaxe, con carga, superior a 4.500 Kg:	78,89 €

TARIFA C: Inmovilización de vehículos por medios mecánicos: 30,64 €.

Artigo 7º: - DEVENGO

Devéngase a taxa e nace a obrigación de contribuír dende o momento en que interveñan os axentes municipais co fin de retirar, trasladar, depositar ou inmovilizar os vehículos.

Artigo 8º: - LIQUIDACIÓN E INGRESO

1.-Trasladados os vehículos ao depósito municipal cursarase comunicación ao titular de ditos vehículos, para que antes do último día hábil do mes seguinte ao que se reciba a comunicación, fágase cargo do mesmo, previo aboo da liquidación da presente Taxa. Notificarase dos traslados ao Departamento de Xestión Tributaria, co fin de que por éste practíquese a liquidación á que se refire a Tarifa A (Retirada e traslado dos vehículos ao depósito municipal). A mesma notificación realizarase nos casos de intervención do servizo de grúa soamente.

2.-Non serán devoltos ao seu propietario ningún dos vehículos que foran obxecto de recollida, mentras non se fixera efectivo o importe das taxas correspondentes, pago que non exclue o das sancións ou multas que fosen procedentes por infracción de normas de circulación ou policía urbán.



Ordenanza 9

Retirada vehículos via pública
e traslado ao depósito (Grua)

A saída de toda clase de vehículos ingresados no depósito municipal deberá ser autorizada por quen dispuxo seu ingreso ou persoa habilitada para isto, e, soamente poderán ser entregados ao seus titulares ou persoas autorizadas, as cales deben de xustificar o pagamento da liquidación practicada.

3.- a) Transcorrido o prazo a que se refire o número 1 deste artigo, sen que o titular se fixera cargo do vehículo e pagadas as taxas, procederase ao cobro das mesmas pola vía de constrinximento administrativo, procedendo en primeiro lugar ao embargo do vehículo depositado, para a súa posterior poxa.

b) No acto do remate e adxudicación do vehículo practicarase a liquidación definitiva dos débitos á Facenda Pública, acumulando á débeda principal ademais dos gastos do procedemento, as taxas devengadas pola estancia do vehículo no depósito municipal, ata o intre da adxudicación.

4.- No caso de inmovilización dun vehículo esixirase a Taxa en réxime de autoliquidación.

Artigo 9º: -INFRACCIÓN E SANCIÓN

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto no artigo 178 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL:

A presente Ordenanza modifica a aprobada polo Pleno de data 9-11-89 (Modificacións Plenarias de 5-10-92, 1-12-93, 13-11-95, 25-10-1996, 14-12-2001 e 30-7-2008) e entrará en vigor unha vez publicado o texto íntegro das modificacións no B.O.P., permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

DILIXENCIA constatarse que:

A redacción orixinal da presente Ordenanza foi aprobada provisionalmente polo Concello Pleno, en sesión celebrada o día 9 de novembro de 1989, publicándose o seu texto íntegro no B.O.P. nº 4 bis de 5 de xaneiro de 1.990.

Por Pleno de 5 de outubro de 1.992 modificáronse os artigos 2º e 6º, publicándose o seu texto íntegro no B.O.P. nº 260 de 11 de novembro de 1.992.

Por Pleno de data 1 de decembro de 1.993 modificáronse os artigos 2º, 6º e 8º, publicándose os seus textos íntegros no B.O.P. Nº 47 de 28 de febreiro de 1.994.

Por Pleno de data 13 de novembro de 1.995 modificouse o artigo 3º, publicándose a modificación do texto íntegro no B.O.P. Nº 31 de 7 de febreiro de 1.996.

Por Pleno de data 25 de outubro de 1.996 modificáronse os artigos 3º, 6º, 7º e 8º, textos íntegros que foron publicados no B.O.P. Nº 300 de 31 de decembro de 1.996.

Por Pleno de data 14 de decembro do 2001 modificouse o artigo 6º -Cota tributaria, publicándose o seu texto no B.O.P. nº 54 de 6 de marzo do 2002.

Por Pleno de data 30 de xullo do 2008 modificáronse os artigos 1º, 2º, 3º, 4º, 6º e 9, publicándose o seu texto no B.O.P. nº 255 de 5 de novembro do 2008.

Por Pleno de data 28 de xaneiro do 2010 modificouse o artigo 6º, publicándose o seu texto no B.O.P. nº 75 de 23 de abril do 2010.